CARLOS AMIL & MANEL CRÁNEO

A FRAGA MILMAÑAS



A FRAGA MILMAÑAS

CARLOS AMIL • MANEL CRÁNEO

EDITOR: Manel Cráneo
ROTULACIÓN E REVISIÓN DE TEXTOS: Henrique Torreiro
DESEÑO E MAQUETACIÓN: Demo Editorial
DPTO. TÉCNICO: Xavier Pena
IMPRESIÓN: Lugami

© Polo guión, Carlos Amil, 2013
© Polos debuxos, Manel Cráneo, 2013
© Pola presente edición, Demo Editorial, 2013

Primeira edición: decembro de 2013

DEMO EDITORIAL
Rúa Gramela, nº 23 baixo
15010 A Coruña (Galicia/Spain)
demoeditorial.blogspot.com
demo.editorial@gmail.com

Síguenos en FACEBOOK:
facebook.com/demo.editorial

ISBN: 978-84-940349-7-8
Depósito legal: C 2332-2013

Ningunha parte deste libro pode ser reproducida, almacenada ou transmitida por sistema mecánico ou electrónico ningún sen previa autorización do editor, salvo no caso de extractos para uso informativo en medios de comunicación.

OS NOSOS AMIGOS NA FRAGA MILMAÑAS

«A Fraga Milmañas é un país onde todos son amigos de todos, e cada un mira polo seu. Algúns tamén miran polo dos outros. Estes que vedes a seguir son algúns dos máis famosos moradores de tan fantástica fraga.»



FONSA
Raposa espilida, áxil e veloz dotada dunha excelente creatividade. Un prodixio da fraga.



FEROCIO
O lobo colega de Fonsa, que padece de pesadelos por ter un oco permanente no bandullo.



SOMBRA
Aliada e amiga inseparable de Fonsa, e sabedora cazadora de pitas.



MINGOS
Granxeiro desconfiado por mor do mal da «negra sombra» que asexa as súas fermosas e despistadas pitas.

A Daniel López Naveira.
De Carlos Amil

A Pachy, por estar ao meu carón,
todos os agradecementos son poucos.
De Manel Cráneo



FEROCIO, PRECISO QUE ME LEVES Á OUTRA BEIRA.

SE TES CON QUE PAGAR...

CARTOS NON TEÑO, PERO HEITE PAGAR COAS TRES VERDADES DO BARQUEIRO.

SUBE, FONSA.

DIME A PRIMEIRA VERDADE.

DIN QUE "AUGA QUE NON HAS BEBER, DÉIXAA CORRER"; PERO EU DIGO QUE SE A EMBOTELLAS PODES BEBELA CANDO TEÑAS SEDE.

TES RAZÓN. FALTAN DÚAS VERDADES.

DIN QUE CO BANDULLO CHEO NON SE DEBE FACER EXERCICIO, PERO EU DIGO QUE SE O TES BALEIRO, MENOS EXERCICIO PODERÁS FACER.

QUE GRAN VERDADE É! SE NON ME DIS A VERDADE QUE FALTA, NON CHEGO A BARCA Á RIBEIRA.

AI, FEROCIO...!

...SE TODOS CHE FAN COMA MIN...

...NON PRECISAS BOLSA...

...PARA O DIÑEIRO.

!

ARRE DEMO QUE ESTA PITA CHE ESTABA BEN SALGADA. PRECISO BEBER AXIÑA!

VELAÍ A MIÑA SALVACIÓN.

GLUB GLUB GLUB

DEMO DE SEDE! E COMO FAGO AGORA PARA SUBIR?

QUE FAS AÍ, FONSA?

AI, CURMÁN FEROCIO! VEÑO DE COMER ATA REBENTAR DESTE ANACO DE MANTEIGA. AÍNDA QUEDA, PERO XA NON PODO MÁIS. POR QUE NON A REMATAS TI?

E COMO BAIXO?

SUBE NO CALDEIRO QUE ESTÁ NO PEITORIL DO POZO.

ALÁ VOU! QUE ENCHENTA! VOUME FARTAR DE MANTEIGA!

DEIXA ALGO PARA MAÑÁ, FEROCIO.

SACA DE AÍ! HEI ACABAR CON TODO!

QUE PASA AQUÍ?


QUE CLASE DE BROMA É ESTA, FONSA?

É O CURSO DA VIDA, FEROCIO. UNS VAN PARA ARRIBA E OUTROS PARA ABAIXO.


VELAÍ, COMPAÑEIROS, UN CARNEIRO DICINDO "COMÉDEME".



COMO REPARTIRÍAS A PRESA, FEROCIO?


TI, GOLIATH, COMERÁS A CABEZA. TI, FONSA, APAÑARÁS AS ENTRAÑAS. E EU QUEDAREI CO RESTO.



¡!
PLAF!!




REPARTE TI O CARNEIRO.




TODIÑO PARA TI, GOLIATH. FEROCIO E MAIS EU VIXIAREMOS QUE NON APAREZA NINGUÉN A RECLAMAR O CARNEIRO.




ESE SI QUE É UN BO REPARTO. DIME QUEN CHE APRENDEU A REPARTIR TAN SABIAMENTE.
ÑAM!! ÑAM!! ÑAM!!


ÑAM ÑAM ÑAM
O OLLO DE FEROCIO.
CAMIL/MCRANEO 2004


CHURRAS, CHURRAS.


ESTOU ESFAMEADA. TEÑO QUE ATOPAR O XEITO DE FACERME CUNHA DESAS GALIÑAS.
ESTOU ESFAMEADA. TEÑO QUE ATOPAR O XEITO DE FACERME CUNHA DESAS GALIÑAS.


XA O TEÑO!
XA O TEÑO!


QUE GALIÑAS FERMOSAS CRÍAS, MINGOS!
VAITES, FONSA. QUE ROULAS POR AQUÍ? ASUSTAS AS PITAS.



ESA COUSA APAÑOU UNHA GALIÑA!
!



¡CO! ¡CO! ¡CO!
PARA, COLEGA, QUE UNHA GALIÑA SEN SOMBRA NON VALE NADA!




QUE BO EQUIPO FACEMOS!
QUE BO EQUIPO FACEMOS!
CAMIL/MCRANEO 2001


NAM
NAM
NAM


CLANG!
C. AMIL/M. CRÂNEO 2001


ACME
ACME
MADE IN TAIWAN




RISK
RISK
RISK




C. AMIL/M. CRÂNEO 2001


ARRE DEMO! OS MÉDICOS DIN QUE CEAR MOITO PRODUCE PESADELOS, PERO EU HEI FALAR CO MEU MÉDICO DE CABECEIRA PARA VER QUE RAIOS TEÑO, QUE SUFRO PESADELOS CO BANDULLO BALEIRO.